



DATOS IDENTIFICATIVOS

Formación Académica e Profesional

Materia	Formación Académica e Profesional			
Código	P02M066V06254			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade (Pontevedra): Orientación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Malvar Méndez, María Laura			
Profesorado	Malvar Méndez, María Laura			
Correo-e	Imm@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia forma parte do módulo 5 Organización do espazo escolar, materiais e habilidades docentes; de carácter básico, con 6 créditos ECTS. Está ubicada en 1º curso, no segundo cuadrimestre. Pretende proporcionar aos estudantes os coñecementos científicos e as técnicas necesarias para reflexionar sobre os distintos aspectos e ámbitos da Organización Escolar, coa finalidade de poder reflectilos nunha realidade concreta, é dicir, nun centro da nosa Comunidade Autónoma. Intenta, tanto pola actualidade dos contidos como polos ámbitos que abrangue, espertar os intereses dos estudantes polos aspectos que tradicionalmente non se trataban nos currículos académicos.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B1	Coñecer os contidos curriculares das materias relativas á especialización docente correspondente.
B2	Coñecer o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procesos de ensino e aprendizaxe respectivos.
B3	Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
B4	Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada.
B5	Contextualizar o currículo que se vaia a implantar nun centro docente participando na planificación colectiva do mesmo.
B6	Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes.
B7	Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sustentable.
B9	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar a aprendizaxe e a convivencia na aula e abordar problemas de disciplina e resolución de conflitos

B10	Deseñar e realizar actividades formais e non formais que contribúan a facer do centro un lugar de participación e cultura na contorna no que está situado.
B11	Desenvolver as funcións de tutoría e orientación dos estudantes de maneira colexiada.
B12	Participar na avaliación, investigación e a innovación dos procesos de ensino e aprendizaxe, comunicando as súas conclusións e as razóns que as sustentan á comunidade educativa e outros profesionais da educación
C8	Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá.
C10	Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
C12	Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar.
C20	Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
C21	Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes.
C26	Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
C27	Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación.
C29	Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente.
C30	Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
D1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
D2	Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.
D3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Planificación das secuencias de aprendizaxe e organización das situacións de traballo na aula e no espazo de xogo	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B10 B11 B12 C8 C10 C20 C21 C30 D1 D2
Comprender que a dinámica diaria en Educación Infantil é cambiante en función de cada estudante, grupo e situación e saber ser flexibles no exercicio da función docente.	B2 B3 B5 B10 C8 C10 C20 D1 D2
Saber traballar en equipo con outros profesionais e colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno, coa finalidade de planificar secuencias de aprendizaxe e organizar situacións de traballo, na aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do período 0-3 anos e 3-6 anos.	B1 B9 B12 C12 C21 C30 D1 D2
Ter unha imaxe realista de si mesmo, actuar conforme ás propias conviccións, asumir responsabilidades, tomar decisións e relativizar as posibles frustracións.	B12 D1 D2

Tomar conciencia da complexidade dos procesos educativos en xeral e dos procesos de ensinanza-aprendizaxe, nas etapas obrigatorias do sistema educativo.	B1 B9 B11 B12 C27 D1 D2
Analizar e aplicar distintas estratexias metodolóxicas para organizar os espazos, materiais e tempos, en función dos diferentes modelos didácticos e das características e peculiaridades do alumnado.	B1 B2 B3 B9 B11 C8 C10 D1 D2
Coñecer experiencias internacionais e exemplos de experiencias innovadoras en Educación Infantil para aplicarlas na aula.	B1 B11 B12 C12 C21 C26 C27 C29 C30 D1 D2 D3
Participar na definición do proxecto educativo e na actividade xeral do centro, atendendo os criterios de control de calidade.	B1 B9 C21 C26 C29 C30 D1 D2 D3

Contidos

Tema	
1.- FUNDAMENTACIÓN CONCEPTUAL 2.- SUBSISTEMA AMBIENTAL/CONTEXTUAL 3.- SUBSISTEMA DE PLANIFICACIÓN	1.1.- A Organización Escolar. 1.2.- O centro como unidade organizativa: funcións directivas, de xestión pedagóxica e administración. 1.3.- O centro e a comunidade educativa. 2.1.- A estrutura do sistema escolar. 3.1.- Plan do centro. 3.2.- O centro como unidade organizativa: funcións directivas, de xestión pedagóxica e administración escolar: características e niveis.
4.- SUBSISTEMA ESTRUCTURAL. 5.- SUBSISTEMA RELACIONAL.	4.1.- Organización do alumnado, profesorado, recursos, espazos, horarios e actividades. 5.1.- A participación nos centros educativos. 5.2.- O clima organizativo. 5.3.- A cultura organizativa. 5.4.- O conflito nas organizacións educativas.
6.- SUBSISTEMA DE DIRECCIÓN E LIDERAZGO. 7.- SUBSISTEMA DE CAMBIO / DESENVOLVEMENTO ORGANIZATIVO.	6.1.- A dirección nas organizacións educativas. 6.2.- Os proxectos de dirección. 6.3.- Da dirección ao liderazgo. 7.1.- Avaliación de centros. 7.2.- Análise de experiencias de organización. 7.3.- Referencia de modelos e dos elementos estudados, aplicados aos centros de Educación Infantil.
8.- ORGANIZACIÓN ESCOLAR DIFERENCIADA. 9.- A ORGANIZACIÓN ESCOLAR NO PRACTICUM.	8.1.- Análise de experiencias de organización. 8.2.- Referencia de modelos e de elementos estudados nos centros de Educación Infantil. 9.1.- Aportacións da Organización Escolar ao Practicum.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	12	14
Seminario	10	11	21
Seminario	8	88	96
Lección maxistral	20	20	40
Traballo tutelado	12	24	36
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	2	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Esta sesión servirá para presentarlle aos estudantes a materia: competencias, contidos, planificación, metodoloxía, atención personalizada, avaliación e bibliografía.
Seminario	A través das titorías, o profesor facilitará e orientará aos estudantes no seu proceso formativo, podendo ser obxecto de atención calquera das facetas ou dimensións que inciden no mesmo (aspectos académicos, actitudinais, persoais, sociais...). Computa na avaliación continua.
Seminario	A través dos seminarios abordaranse temas específicos, que permitan profundizar os contidos da materia. É dicir, utilizaranse como complemento das clase teóricas. Computan na avaliación continua.
Lección maxistral	Presentación estruturada dos temas, coa finalidade de facilitar información organizada, seguindo os criterios adecuados á finalidade dos mesmos. Guión facilitador e a correspondente exposición verbal, por parte do profesor, dos contidos da Organización Escolar.
Traballo tutelado	Os estudantes, de forma individual ou en grupos, realizarán proxectos supervisados polo profesor. Computan na avaliación continua.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Titoría e seguimento dos traballos de aula que realicen os alumnos, co obxecto de orientar, facilitar o proceso e atender e resolver as súas dúbidas dos estudantes. Os medios telemáticos para a realización das titorías son: email, videoconferencia, foros de Fatic.
Actividades introdutorias	Titoría e seguimento dos traballos de aula que realicen os alumnos, co obxecto de orientar, facilitar o proceso e atender e resolver as súas dúbidas dos estudantes. Os medios telemáticos para a realización das titorías son: email, videoconferencia, foros de Fatic.
Seminario	Titoría e seguimento dos traballos de aula que realicen os alumnos, co obxecto de orientar, facilitar o proceso e atender e resolver as súas dúbidas dos estudantes. Os medios telemáticos para a realización das titorías son: email, videoconferencia, foros de Fatic.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Actividades introdutorias	Reflexións sobre aspectos introdutorios da materia	10			
Seminario	Elaborar diferentes propostas formativas	30			
Traballo tutelado	Teranse en conta os seguintes aspectos na avaliación: -aspectos formais -calidade dos traballos -exposición oral e resposta ás preguntas plantexadas.	30	B2 B3 B4 B5 B7 B10 B11	C8 C10 C12 C20 C21 C26 C29 C30	D2 D3
Resolución de problemas e/ou exercicios	Respostar a cuestións relacionadas cos resultados de aprendizaxe e cos contidos recollidos nos bloques correspondentes	30	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 B11 B12	C8 C10 C12 C20 C21 C26 C27 C29 C30	D1 D2 D3

Outros comentarios sobre a Avaliación

A nota final da materia ten dous compoñentes: O traballo realizado polo alumnado durante o curso (Avaluación Continua) A proba escrita. Para superar a materia é necesario obter como mínimo un 60% da nota do exame. No caso de non de no superar a materia na primeira convocatoria, a nota da avaliación continua manterase para a segunda convocatoria. O alumnado non asistente terá que demostrar as mesmas competencias que os asistentes. Para elo deberá realizar unha proba correspondente aos traballos de aula e outra á proba escrita de resposta curta. Cada proba será avaliada cun 50%.

-De non ter superada a materia na primeira convocatoria, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xullo.

-As datas oficiais dos exames pódense consultar na web da facultade na ligazón correspondente
<http://fcced.uvigo.es/gl/docencia/exames>.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bolívar, A., **Los centros educativos como organizaciones que aprenden**, 2000,
Cantón Mayo, I., **Las organizaciones escolares: hacia nuevos modelos**, 2000,
Cantón Mayo I., Pino Juste M., **Organización de centros educativos en la sociedad del conocimiento**, 2014,
Cid Sabucedo, A., **Los proyectos de dirección**, 2000,
Gil, L., Guzman, M., Moreno E., **Caminando hacia la escuela que queremos**, 2013,
Gimeno Sacristán, J., **El sistema educativo. Una mirada crítica**, 2004,

Bibliografía Complementaria

Carda, R.M., Larrosa, F., **La organización del centro educativo: Manual para maestros**, 2007,
Cid Sabucedo, A., **El clima escolar**, 2002,
Cid Sabucedo, A., **Practicum I: Prácticas de Observación e de Investigación**, 1996,
García Rodríguez, M^a L., **Organización de la educación infantil**, 1996,
Goldschmied, E., **Educación en la escuela infantil**, 2002,
González González, M^a T. (Coord.), **Organización y gestión de centros escolares**, 2003,
Lorenzo Delgado, M., **Organización de centros educativos. Modelos emergentes**, 2011,
Lorenzo Delgado, M., **Organización Escolar. La construcción de la escuela como organización**, 1995,
Madrid, D., Mayorga, M^aJ., **Organización del centro de Educación Infantil**, 2010,
Malaguzzi, Loris, **La educación infantil en Reggio Emilia**, 2001,
Zabalza Beraza, M. A., **La calidad de la educación infantil**, 2005,
Documentos normativos, **Leis e os seus desenvolvementos**,

Recomendacións

Outros comentarios

Para o aproveitamento exitoso da materia RECOMÉNDASE:

- A) Asistencia continua a sesións de teoría e práctica. A asistencia a clase considérase fundamental para o seguimento da materia por parte do alumnado e para a avaliación do grao de desenvolvemento das capacidades e competencias.
- B) As tarefas e actividades prácticas poderán abranguer varias sesións de traballo e será necesario rematar algunha fora do horario de clase.

Tendo en conta que os contidos da materia son obxecto constante de opinións, comentarios, debates e decisións, dende os ámbitos político, administrativo, económico e social; sería convinte para poder estar ao día á lectura de páxinas web dos diferentes centros educativos da Xunta de Galicia, do Ministerio e doutras Comunidades Autónomas, así como revistas específicas de educación, organización, xestión, avaliación e calidade de institucións educativas.